

DECRETO

ASIGNACIÓN DA DEDICACIÓN EXCLUSIVA A DONA IRIA BUIDE PENA, POLO DESEMPEÑO DO CARGO DE CONCELLEIRA DELEGADA DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO (2025/G001/002353)

Excmo. Sr. alcalde presidente en funcións do Excmo. Concello de Lugo, don Rubén Arroxo Fernández.

Examinado o expediente de referencia e vistos:

1. Acordo número 6/78 do Excmo. Concello Pleno, adoptado na sesión plenaria extraordinaria do día 26 de xuño de 2023, polo que se aproba a proposta desta Alcaldía no que atinxe ás retribucións dos membros da corporación e, concretamente, dos e das que as percibirán polo exercicio dos seus cargos en réxime de dedicación exclusiva, sendo un deles o cargo de concelleiro/a delegado/a de Educación e Difusión do Coñecemento.

2. Acordo número 8/90 do Pleno do 30 de maio de 2024, no que se recollen as modificacións relativas ás asignacións por asistencias e indemnizacións a membros da corporación e asignacións económicas aos grupos políticos municipais, manténdose o cargo concelleiro/a delegado/a de Educación e Difusión do Coñecemento en réxime de dedicación exclusiva.

3. Acordo número 16/16 do Pleno do 30 de xaneiro de 2025, no que se tomou razón do cesamento do concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Felipe Rivas Jorge, que viña desempeñando o cargo de concelleiro delegado de Educación e Difusión do Coñecemento en réxime de dedicación exclusiva coa percepción das retribucións correspondentes.

4. Acordo número 2/18 do Pleno do 27 de febreiro de 2025, polo que tomou posesión como concelleira desta corporación, dona Iria Buíde Pena e que, de conformidade co Decreto número 2140/2025, do 5 de marzo, vai desempeñar o cargo de concelleira delegada de Educación e Difusión do Coñecemento en réxime de dedicación exclusiva coa percepción das retribucións correspondentes.

E de conformidade co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece que os membros das corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva ou parcial, **determinando o presidente da corporación os membros dela que realizarán as súas funcións neste réxime de dedicación, RESOLVO:**

Primeiro.- Asignar a dona Iria Buíde Pena a dedicación exclusiva que lle corresponde polo desempeño do cargo de concelleira delegada de Educación e

ACTAS E GOBERNO

AMRG/JDR

Refº: ispac7633264552279701560.doc

Asunto: ASIGNACIÓN DEDICACIÓN EXCLUSIVA A DONA IRIA BUIDE PENA

Difusión do Coñecemento, nas contías e condicións que establece a normativa vixente que lle sexa de aplicación.

Segundo.- Notificarlle esta resolución á dita concelleira coas seguintes indicacións:

- Lémbrese que a percepción das retribucións exclusivas e parciais é incompatible con outras con cargo aos presupostos das administracións públicas e entes, organismos ou empresas que dependan delas, ou o desenvolvemento doutras actividades, nos termos da normativa sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Tampouco terán dereito a percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados aínda que si ás indemnizacións que correspondan polos gastos ocasionados no exercicio dos seus cargos.
- O desempeño dun cargo con dedicación exclusiva ou parcial require a súa aceptación polo designado ou designada que, neste caso, terá efectos dende o día 5 de marzo de 2025.

Terceiro.- Notifíquelles aos servizos Económicos e ao de Persoal para os efectos oportunos e o aboamento das retribucións que correspondan.

Cúmprase.

Asinado electronicamente polo Excmo. Sr. alcalde en funcións, don Rubén Arroxo Fernández.